

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Capítulo III

- Actividades complementarias e extraescolares.
- FCT.
- Formación do profesorado no centro.
- Programas nos que participa o centro.

ANEXOS

- ANEXO I: Plan anual de lectura e organización e funcionamento da biblioteca.
- ANEXO II: Addenda do proxecto lingüístico.
- ANEXO III: Plan anual de actividades de Orientación.
- ANEXO IV: Plan anual de actividades físicas e hábitos saudables.
- ANEXO V: Plan de anual de benestar e convivencia.
- ANEXO VI: Plan Dixital.

Curso 2023 - 2024



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

ÍNDICE

1. XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS (PROXECTO DE ORZAMENTO)	3
2. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, ACTIVIDADES E TAREFAS EXTRAESCOLARES	4
3.1 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	4
3.2 ACTIVIDADES E TAREFAS EXTRAESCOLARES	4
3. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO	5
4. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO	6
5. PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO NO CURSO 2023/2024	7
5.1 PLAN DE POTENCIACIÓN DE LINGUAS ESTRANXEIRAS	7
5.2 CLUB DE LECTURA	11
5.3 CLUB DE CIENCIAS	11
5.4 PLAN PROXECTA	12
5.5 POLOS CREATIVOS+	13
5.6 EDIXGAL	14
5.7 PLAMBE	14

ANEXOS

-
- ANEXO I: Plan anual de lectura e organización e funcionamento da biblioteca.
 - ANEXO II: Addenda do proxecto lingüístico.
 - ANEXO III: Plan anual de Actividades do departamento de Orientación.
 - ANEXO IV: Plan anual de actividades físicas e hábitos saudables
 - ANEXO V: Plan anual de benestar e convivencia.
 - ANEXO VI: Plan Dixital.

1. XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS (PROXECTO DE ORZAMENTO)

- Un mes despois de que a Consellería asigne os gastos de funcionamento que corresponden ao centro, a Secretaría, co visto e prace do Director, elaborará o **proxecto de orzamento**. Este proxecto será revisado pola Comisión Económica e presentarse en sesión ordinaria de Consello Escolar, que será o órgano encargado de avalialo no seguinte curso académico unha vez presentado o proxecto de gastos e o rendemento de contas totais correspondentes ao ano natural.
- A secretaría do IES Cabo Ortegal elaborará a **proposta de orzamento** do centro ao inicio de cada exercicio económico, unha vez coñecido o importe do crédito total asignado ao centro.

A proposta de orzamento incluirá:

- a) Estado de ingresos que se prevé obter.
 - b) Estado dos gastos necesarios en orde á consecución dos obxectivos propostos e baseándose nos gastos do exercicio anterior que permitirán una previsión o máis axustada posible á realidade do centro.
 - c) Resumo do estado de ingresos e gastos.
- Unha vez informada a **proposta pola comisión económica**, a Dirección do centro presentará dito orzamento ao Consello Escolar para o seu estudo e aprobación, de selo caso, tratando sempre que sexa dentro do prazo máximo dun mes contado a partir da data de coñecemento dos créditos asignados pola Consellería de Educación.
 - O director do centro é o responsable da **execución do orzamento** e, polo tanto de aplicar as cantidades ás finalidades para as que foron aprobadas, autorizando os gastos de acordo co orzamento aprobado e ordenando os pagamentos.
 - Cada un dos **departamentos didácticos** terá asignada unha cantidade que poderá gastar ao longo do ano natural, sendo dita cantidade calculados segundo o criterio aprobado en Consello Escolar en Abril de 2016 e que figura no apartado 6.7 do Proxecto de Xestión que forma parte do Proxecto Educativo.
 - As **indemnizacións por razóns de servizo** veñen reflectidas no punto 6.8 do Proxecto de Xestión.
 - A comisión económica analizará o **cumprimento do orzamento** avaliado e aprobado pola Dirección do centro e que segundo informe a conta de xestión do orzamento a 31 de decembro, será elevada ao Consello Escolar para a súa **aprobación**, sempre

antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte, acompañándoa dunha memoria xustificativa.

2. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, ACTIVIDADES E TAREFAS EXTRAESCOLARES

2.1 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

As actividades realizadas ao longo deste curso escolar 2023-2024 estarán reflectidas nas diferentes programacións didácticas dos departamentos, así como nas actividades propostas polos diferentes equipos e coordinadores dos diferentes plans e programas nos que participa o centro.

Todas elas estarán coordinadas pola Vicedirección do IES Cabo Ortegal seguindo as consideracións xerais sobre actividades complementarias e extraescolares que figuran no Proxecto Educativo, destacando:

- Todas as actividades figurarán nas Programacións Didácticas.
- Para un óptimo seguimento das mesmas por parte da comunidade educativa, serán publicadas con anterioridade no calendario que figura na páxina web do centro.
- O alumnado que non asista a unha actividade complementaria deberá asistir a clase no horario habitual establecido.
- A coordinación das mesmas correrá a cargo da Vicedirección do centro en colaboración co/cos departamento/s implicados/s.
- O custo do transporte nestas actividades correrá a cargo do centro, entendendo que son actividades propostas polos departamentos sempre dentro da comunidade autónoma Galega.

2.2 ACTIVIDADES E TAREFAS EXTRAESCOLARES

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo realizadas polo centro, departamentos, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc., se realizan fóra do horario lectivo. Cando estas actividades sexan realizadas polo Concello ou outras organizacións da contorna deberanse ter en conta que será a entidade organizadora a que deberá presentar á dirección do centro un “Plan de actividades” e o

compromiso da limpeza das salas, estancias, baños, zonas de tránsito, mobiliario ou útiles empregados.

As actividades complementarias previstas neste curso escolar 2023-2024 son:

- Actividades deportivas organizadas polo Concello en horario de tarde.
- Agosto.
- Festival de Nadal e de Entroido.
- Acto de graduación de 2º de Bacharelato.
- Excursión final de etapa de 4º da ESO.
- Posibles excursións a Roma e París.

No que respecta á organización das excursións didácticas teranse en consideración os aspectos xerais que figuran no Proxecto Educativo e destácase que:

- Non se suspenderán as actividades lectivas para aquel alumnado que non participe nas actividades complementarias, tendo a obriga de asistir ao centro no horario habitual. Nese caso o alumnado recibirá afondamento e/ou reforzo nas diferente materias mentres dure a actividade.
- É preciso a participación de alo menos 10 alumnos/as ou de máis do 70% do alumnado ao que se lle oferte a viaxe para poder levala a cabo.
- O alumnado poderá de xeito voluntario organizar actividades para recadar cartos.
- No caso das excursións didácticas, o custo do transporte de desprazamento, ben sexa a un determinado aeroporto ou ben ao lugar de destino por facerse por estrada, correrá a cargo do centro ata un máximo de 1500€, non subvencionándose en ningún caso os posibles desprazamentos que fosen necesarios no lugar de destino.

3. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

Dentro da oferta formativa do centro está incluído un ciclo formativo modular de grao medio para adultos da familia de Informática e Comunicacions: "Sistemas microinformáticos e redes".

Como todo ciclo, un dos módulos que ten que cursar e superar aquel alumnado con todos os módulos presenciais superados na avaliación ordinaria de xuño, é o de Formación en Centros de Trabajo "FCT", cursando neste curso 2023-2024 a alumna que se relaciona a continuación:

NOME	EMPRESA	DATAS
M.I.F.M	ROGELIO LÓPEZ RODRÍGUEZ	Do 19/09/2023 ao 04/12/2023

4. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Neste curso académico 2023-2024 traballarase en tres liñas de actuación relacionadas coa competencia dixital, didáctica e comunicativa. Estas tres liñas desenvolveranse a través de tres itinerarios no que se enmarcarán catro grupos de traballo e nos que participará un total de 14 profesoras e profesores:

GT1: Planificación, redacción e xestión dun novo proxecto de centro.	
Coordinadora	Laura Ferro Otero
Profesorado participante	Elisa Álvarez Fernández, Laura Ferro Otero, Beatriz Otero Esteban, José Luís Sánchez Casal, Patricia Vázquez Varela

GT2: Implementación de propostas didácticas a través dos Polos Creativos+. Formación específica de e-téxtiles	
Coordinadora	Beatriz Otero Esteban
Profesorado participante	Elisa Álvarez Fernández, Cristina Fernández Anllo, Gloria María Martínez Gómez, Beatriz Otero Esteban, Noelia Pérez Yáñez, Cristovo Taboada Rodríguez, Patricia Vázquez Varela

GT3: Estratexias para a dinamización da biblioteca escolar a través do teatro.	
Coordinador	David Loureiro González
Profesorado participante	Ana María Bravo Martínez, David Loureiro González, Laura Ferro Otero, Sara Filgueira Lorenzo, María Jesús Permuy Pérez

GT4: Elaboración do Plan de Lectura. Plan anual de lectura e programa da biblioteca escolar.	
Coordinador	David Loureiro González
Profesorado participante	Ana María Bravo Martínez, David Loureiro González, Laura Ferro Otero, Sara Filgueira Lorenzo, Manuel Otero Rodríguez

5. PLANS, PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO NO CURSO 2023-2024

5.1 PLAN DE POTENCIACIÓN DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

Conscientes da importancia da aprendizaxe de linguas estranxeiras, o IES Cabo Ortegal, tal e como se viña facendo nos últimos anos, participa no plan de potenciación de linguas estranxeiras por diferentes vías.

AUXILIAR DE CONVERSA (Seguimento e avaliación)

Durante o presente curso presta os seus servizos no IES unha auxiliar de conversa (Kirti Arora) en horario compartido co colexio adscrito CEIP Manuel Fraga Iribarne, sendo a súa dedicación horaria de 12 horas semanais.

Debemos ter en conta que a auxiliar de conversa non é un docente, e ten como funcións principais a de posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira (inglés), achegar ao alumnado e ao profesorado á cultura do país onde se fala a lingua inglesa e colaborar co profesorado na elaboración de materiais didácticos así como nas actividades e proxectos nos que participe o centro.

Como xa indicamos anteriormente, dado que non se trata dunha figura docente, trataremos de ter sempre previstas algunhas actuacións encamiñadas a aportar algún tipo de formación pedagóxica e reflexión docente tales como:

- Dar exemplo coa nosa propia experiencia docente, asesorando sobre diversos temas e solucionando os problemas que poidan xurdir.
- Acompañala ás xornadas de acollida e formación que se realizan a inicio do mes de outubro.
- Marcar polo menos unha hora de coordinación co departamento de inglés e co profesorado das seccións bilingües, e que figurará no seu horario.

- Axudarlle, se fose necesario, a elaborar materiais e charlas sobre aspectos lingüísticos e socioculturais, facilitándolle, se fose posible, os materiais e recursos necesarios.
- Reflexionar, ao final da súa estancia, sobre a súa experiencia para que así poida aportar comentarios, suxestións e/ou melloras.

A auxiliar contará cunha profesora titora (María José Muíño Filgueira) que lle orientará nos seus cometidos e lle ofrecerá asistencia tanto a nivel profesional como persoal. Esta profesora será a persoa de referencia a quen acuda a auxiliar para resolver calquera incidencia ou problema que poida xurdir durante a súa adscrición ao centro.

Tentaremos aproveitar a figura do auxiliar de conversa para motivar ao alumnado e para que, se así o desexa, participe nas actividades extraescolares que se puidesen desenvolver ao longo do curso. Sen embargo, non podemos obviar que son persoas que se atopan lonxe do seu fogar e da súa cultura, polo que tentaremos de que estea atendido e aconsellado, sempre dentro das nosas posibilidades, propoñendo:

- Fomentar o contacto con outros auxiliares de conversa da contorna.
- Ofrecerlles alternativas de ocio.
- Dalos a coñecer á comunidade escolar.
- Explicarlle as rutinas do centro e dar a coñecer aspectos básicos do mesmo.
- Manter en xeral unha comunicación aberta e fluída, de forma que se consiga o antes posible a integración no centro.

Non debemos esquecernos tamén de que a súa labor debería estar en continua avaliación, para o cal proporase:

- Seguimento por parte da persoa coordinadora das tarefas e da súa evolución dentro das distintas aulas nas que presta os seus servizos. Tal seguimento será reflectido na memoria final anual, na que figurarán aspectos tales como: número de alumnos ao que foi dirixido o proxecto, implicación na organización do centro, grao de consecución dos obxectivos previstos, valoración das estratexias metodolóxicas, propostas de mellora e posibles observacións.
- O Director do centro remitirá o certificado trimestral de seguimento (nos trimestres nos que preste os seus servizo) á Dirección Xeral de Educación.
- Ao final de curso cubrirase unha memoria online coa valoración de toda a experiencia e traballo do auxiliar.
- Finalmente, e tal e como comentamos antes, tentaremos de que o propio auxiliar aporte comentarios, suxestións e propostas de melloras ao final da súa estancia.

SECCIÓN BILINGÜE DE LINGUA INGLESA

Organizada polo Departamento de Tecnoloxía en colaboración co Departamento de Inglés, este curso impartirase a sección bilingüe no curso de 2º ESO.

Coordinadora	María José Muíño Filgueira
Profesora	Beatriz Otero Esteban
Alumnado ao que vai dirixido	2º da ESO

Todo aquel alumnado que forma parte da mesma, e que así o desexa, recibe unha hora de reforzo lingüístico os martes pola tarde de 16:00 a 16:50 horas, impartida pola profesora coordinadora da Sección Bilingüe.

ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA EN LINGUA ESTRANXEIRA

O IES Cabo Ortegal participa neste curso académico na xestión de probas de nivel lingüístico para o alumnado que permitan acreditar a competencia en lingua estranxeira nos diferentes niveis de competencia (B1, B2, C1) descritos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas do Consello de Europa, segundo corresponda.

O persoal implicado así como o número de alumnos/as ao que vai dirixido é o seguinte:

Coordinadoras	María José Muíño Filgueira e Laura Ferro Otero
Alumnado ao que vai dirixido	4º ESO, 1º e/ou 2º de Bacharelato

EDUEXCHANGES

Este curso académico o IES Cabo Ortegal segue a participar nesta iniciativa enmarcada na *Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 (EDUlingüe)*, para o fomento e a mellora do plurilingüismo no ensino non universitario, na que se contemplan medidas e accións para a mellora da competencia lingüística en linguas estranxeiras. A través desta iniciativa promóvese o intercambio entre alumnado dun centro educativo de Francia axundando así a crear e consolidar proxectos de cooperación educativa e asociacións entre eles.

O alumnado de Francés dos cursos 3º e 4º da ESO e de 1º de Bacharelato do IES Cabo Ortegal levará a cabo actividades conxuntas en francés relacionadas co deporte, música tradicional, o Xeoparque do Cabo Ortegal, radio escolar, visitas culturais, etc.

O persoal implicado así como o número de alumnos/as ao que vai dirixido é o seguinte:

Coordinadora	Laura Ferro Otero
Profesorado participante	Laura Ferro Otero, José Luís Sánchez Casal
Alumnado ao que vai dirixido	3º e 4º da ESO, 1º de Bacharelato (20 alumnas/os)

DIGITAL WEEK

Neste curso 2023-2024 o IES Cabo Ortegal participou e foi admitido nesta iniciativa da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades para que o alumnado mellore as súas competencias en comunicación lingüística en inglés e dixitais, tentando a mellora da comunicación oral en lingua inglesa a través de actividades dixitais e outras complementarias que promovan a actividade física e a socialización.

O persoal implicado así como o número de alumnos/as ao que vai dirixido é o seguinte:

Coordinadora	María José Muño Filgueira
Profesorado participante	María José Muño Filgueira
Alumnado ao que vai dirixido	4º ESO (25 alumnas/os)
DATAS	Do 10 ao 16 de decembro

ERASMUS+

O IES Cabo Ortegal ven de desenvolver nos últimos dous cursos académicos o proxecto concedido Erasmus+ KA1 “Embaixadores do xeoparque do Cabo Ortegal” e que pretendeu fomentar no alumnado o coñecemento e respecto do patrimonio natural e cultural e a protección do medioambiente a través do estudo, análise e difusión das características deste xeoparque. Todo isto fixo que o alumnado se convertera en membro activo da sociedade e dun proxecto común máis global ademais de contribuír á internacionalización do centro.

Ao longo deste curso traballárase dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado nun grupo de traballo encamiñado á redacción e aprobación doutro proxecto nos vindeiros anos.

5.2 CLUB DE LECTURA

O Club de lectura “Ortegalendo” pretende mellorar a competencia lectora do alumnado do centro. O persoal implicado así como o número de alumnos/as ao que vai dirixido aínda está pendente pois o prazo de presentación está aberto no momento de envío desta PXA:

Coordinadora	Ana María Bravo Martínez
Profesorado participante	Ana María Bravo Martínez, Sara Filgueira Lorenzo
Alumnado ao que vai dirixido	5 grupos de lectura ESO e Bacharelato (25 alumnas/os)

5.3 CLUB DE CIENCIAS

O Club de Ciencias preséntase este curso como continuidade do proxecto iniciado fai uns anos.

O persoal implicado así como o número de alumnos/as ao que vai dirixido é o seguinte:

Coordinadora	Patricia Vázquez Varela
Profesorado participante	Elisa Álvarez Fernández, Cristina Fernández Anllo, Gloria María Martínez Gómez, Beatriz Otero Esteban, Noelia Pérez Yáñez, Cristovo Taboada Rodríguez, Patricia Vázquez Varela
Alumnado ao que vai dirixido	Alumnado de 4º da ESO e de 1º e 2º de Bacharelato (25 alumnas/os)

5.4 PLAN PROXECTA

PROXECTO RÍOS

No presente curso 2023-2024 o IES Cabo Ortegal participará no Plan Proxecta actuando no plan: Proxecto Ríos. Trátase dun programa de educación e voluntariado ambiental promovida por Augas de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, impulsado e coordinado por ADEGA, cuxo obxectivo principal é o de involucrar á cidadanía na conservación dos ecosistemas fluviais. Preténdese desenvolver os valores relacionados coa conciencia de respecto e protección do medio ambiente. A través de charlas e saídas formativas proporcionaranse as ferramentas básicas que garantan a participación activa e colaborativa do alumnado.

O persoal implicado así como o número de alumnos/as ao que vai dirixido é o seguinte:

Coordinadora	Cristovo Taboada Rodríguez
Profesorado participante	Elisa Álvarez Fernández, Ángela Agrafojo Ferreiro, Jesús Manuel Díaz Suárez, Cristina Fernández Anllo, Gloria María Martínez Gómez, María Eugenia Orizales Lage, Beatriz Otero Esteban, Noelia Pérez Yáñez, Cristovo Taboada Rodríguez, Patricia Vázquez Varela
Alumnado ao que vai dirixido	3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato (44 alumnas/os)

PROXECTOS DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

No presente curso 2023-2024 o IES Cabo Ortegal participará tamén dentro do Plan Proxecta no plan: Proxectos de vida activa e deportiva. Este proxecto pretende englobar a práctica do deporte e a potenciación do ensino, capacidade de razoamento e traballo colaborativo a través do deseño de campionatos en diferentes deportes e xogos que impliquen actividade física e estratexias de equipo.

O persoal implicado así como o número de alumnos/as ao que vai dirixido é o seguinte:

Coordinadora	José Luís Sánchez Casal
Profesorado participante	Elisa Álvarez Fernández, Ángela Agrafojo Ferreiro, Ana María Bravo Martínez, Jesús Manuel

	Díaz Suárez, Cristina Fernández Anllo, Laura Ferro Otero, David Loureiro González, Gloria María Martínez Gómez, María Eugenia Orizales Lage, Beatriz Otero Esteban, Manuel Otero Rodríguez, Noelia Pérez Yáñez, María Jesús Permuy Pérez, José Luís Sánchez Casal, Cristovo Taboada Rodríguez, Patricia Vázquez Varela
Alumnado ao que vai dirixido	ESO e Bacharelato (135 alumnas/os)

5.5 POLOS CREATIVOS+

O centro participou o pasado curso 22-23 na convocatoria Polos Creativos, sendo admitidos e recibindo o material ao longo do primeiro trimestre do pasado curso.

Esta iniciativa colaborativa e comunitaria, pretende albergar prácticas de investigación e experimentación, funcionando como centro de actividades no que se traballe a intelixencia artificial e outras tecnoloxías, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual, o mecanizado de materiais, a electromecánica, a robótica, etc.

Enmarcado dentro do PFPP 22-23, o profesorado tivo a oportunidade de formarse en diferentes ferramentas tecnolóxicas dos Polos (impresora 3D, cortadora láser, cortadora de vinilos...), e daráselle continuidade este curso 23-24 cun grupo de traballo orientado á metodoloxía para a creación de situacións de aprendizaxe co alumnado.

O persoal implicado así como o número de alumnos/as ao que vai dirixido é o seguinte:

Coordinadora	Beatriz Otero Esteban
Profesorado participante	Elisa Álvarez Fernández, Cristina Fernández Anllo, Gloria María Martínez Gómez, Beatriz Otero Esteban, Manuel Otero Rodríguez, Noelia Pérez Yáñez, Cristovo Taboada Rodríguez, Patricia Vázquez Varela
Alumnado ao que vai dirixido	ESO e Bacharelato (137 alumnas/os)

5.6 EDIXGAL

O centro participa dende fai varios anos no proxecto Edixgal en todos os cursos da Educación Secundaria Obrigatoria, a excepción da materia de 1ª Lingua Estranxeira: Inglés en 3º e 4º da ESO.

O persoal implicado así como o número de alumnos/as ao que vai dirixido é o seguinte:

Coordinadora	Socorro Rey Rego
Profesorado participante	Profesorado da ESO (23 profesoras/es)
Alumnado ao que vai dirixido	ESO (108 alumnas/os)

5.7 PLAMBE

O IES Cabo Ortegal participa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares dende o ano 2011. A continuidade foi presentada o pasado 4 de xullo de 2023.

Coordinadora	Sara Filgueira Lorenzo
Profesorado do equipo de Biblioteca	Ana María Bravo Martínez, David Loureiro González, Laura Ferro Otero, Sara Filgueira Lorenzo, Noelia Pérez Yáñez
Alumnado ao que vai dirixido	TODO o alumnado do centro

ANEXO I: PLAN ANUAL DE LECTURA. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA

O centro participa dende fai xa varios anos na convocatoria do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, procurando incentivar e impulsar o desenvolvemento de proxectos de biblioteca escolar.

A biblioteca conta coa figura da *profesora responsable da biblioteca* que, xunto co equipo de biblioteca, ten unha labor non só técnica senón tamén pedagóxica, ofrecendo ao alumnado todas as oportunidades para o uso axeitado das fontes de información e o acceso á lectura como forma de lecer e medio de enriquecemento persoal.

Coordinadora Biblioteca Escolar	Sara Filgueira Lorenzo
Profesorado do Equipo de Biblioteca	Ana María Bravo Martínez, David Loureiro González, Laura Ferro Otero

O plan anual de lectura, así como o de xestión, organización e actividades de biblioteca, figuran no ANEXO I deste Capítulo III.

ANEXO II: ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Nesta addenda realízanse as concrecións anuais do Proxecto lingüístico informándose sobre o desenvolvemento de materias en lingua inglesa, a distribucións das materias impartidas en lingua galega e lingua castelá, e a información e valoración dos programas de actividades para o fomento da lingua galega realizados polo IES Cabo Ortegal no curso anterior así como a información do que se vai desenvolver neste curso académico.

A coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o alumnado implicado e o que segue:

Coordinadora	Sara Filgueira
Alumnado ao que vai dirixido	Todo o alumnado do centro

A addenda figura no ANEXO II deste Capítulo III.

ANEXO III: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN

Este plan é elaborado polo Departamento de Orientación, cuxa Xefa de Departamento é a Orientadora María Jesús Permuy Pérez.

Nel se marcan as principais liñas de actuación que permitan organizar o funcionamento das titorías, así coma o conxunto de actividades que contribúan á orientación personalizada do alumnado, tanto nos aspectos educativos coma nos persoais e profesionais.

Pretende dar unha resposta o máis axustada posible ás necesidades educativas, xerais e particulares, do alumnado do centro.

O plan figura no ANEXO III deste Capítulo III.

ANEXO IV: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES FISICAS E HÁBITOS SAUDABLES

Este plan pretende marcar as liñas de actuacións necesarias para o fomento da práctica diaria de deporte, e de exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

A análise e valoración realizadas ao longo do curso servirán para a redacción do Plan que formará parte do Proxecto Educativo.

As concrecións das actuacións previstas neste curso 2023-2024 veñen reflectidas no ANEXO IV deste Capítulo III.

ANEXO V: PLAN ANUAL DE BENESTAR E CONVIVENCIA

O Plan de benestar e convivencia marca as liñas de actuación necesarias para promocionar o principio de igualdade entre mulleres e homes, a mellora do clima escolar, a función titorial e tamén propoñer accións cooperativas, asesorando ao resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula, que propicien a mellora da convivencia e a resolución. Así mesmo tentará indicar os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional.

As concrecións das actuacións previstas neste curso 2023-2024 veñen reflectidas no ANEXO V deste Capítulo III.

ANEXO VI: PLAN DIXITAL

Este plan está sendo elaborado polo profesorado que forma parte do equipo TIC cuxo coordinador é Manuel Otero Rodríguez. Nel se recolle a análise da situación de partida do centro (para o que se utilizou fai dous anos a ferramenta SELFIE e o Test de Competencia Dixital Docente) e o Plan de Acción para este curso 2023-2024. Dito Plan elabórase a través da aplicación Educualidade.

O plan figura no ANEXO VI deste Capítulo III.